Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 25/05/2020 09:48:44
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 636
25 de maio de 2020

CSV: BOPGDSPGclEocHAcl7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.5. Días e horas de rexistro de documentos

Resolución da Presidencia, do 22 de maio de 2020, en relación coa presentación física de escritos no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia 202849

CSV: BOPGDSPGclEocHAcl7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.5. Días e horas de rexistro de documentos

Resolución da Presidencia, do 22 de maio de 2020, en relación coa presentación física de escritos no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia

Atendendo as instrucións ditadas polo Goberno central e pola Xunta de Galicia para frear a propagación do coronavirus e para limitar ao mínimo imprescindible a presenza física do persoal na sede da institución, con data 16 de marzo de 2020 a Presidencia resolveu que ningunha persoa allea ao Parlamento podería acceder á sede da Cámara, funcionando o Rexistro Xeral na modalidade telemática a través da sede electrónica da institución.

A Mesa da Deputación Permanente, na sesión do 19 de maio de 2020, tomou coñecemento da Resolución da Presidencia do 8 de maio de 2020 pola que se determinaba a xornada e horario de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia, e que o horario do Rexistro Xeral da Cámara será de luns a venres de 9.30 a 14.00 horas, e acordou que a apertura do Rexistro físico da Cámara se produza a partir do 25 de maio de 2020.

Xa que logo, a Presidencia, en uso da delegación de competencias outorgada pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia na súa reunión do 14 de febreiro de 2020 (BOPG nº 608, do 18 de febreiro de 2020), resolve:

1º. Que, sen prexuízo da utilización dos medios telemáticos ou da sede electrónica, para os casos en que sexa necesaria a presentación física, solicitarase cita previa no seguinte enderezo electrónico: rentrada@parlamentodegalicia.es, ou no teléfono 981551300, nas extensións 2092 ou 2093.

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa da Deputación Permanente que teña lugar.

3º. Publicar a presente resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGclEocHAcl7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGclEocHAcl7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/